



AUTORAS: GRUPO SEMINARIO DE ORIENTADORAS CURSO 2016/2017

MAQUETACIÓN E DISEÑO GRÁFICO: IRENE FARÍÑA LAMOSA

ATROTE. RECURSOS EDUCATIVOS

ILUSTRACIONES: ÁNGEL FARÍÑA E ANA RODRÍGUEZ

Fontes deste documento

Este documento ten como base para o seu contido o froito dun traballo colaborativo feito por profesionais da Orientación educativa en Galicia durante o curso 2016/2017 co propósito de clarificar os diferentes conceptos relacionados coa atención á diversidade e ofrecer así a posibilidade dunha resposta con unidade de criterios nos centros educativos de Galicia.

O equipo estivo formado polas seguintes profesionais:

seminario orientadoras:

COORDINACIÓN: Marta C. Romeo

Documentación e Revisión:

Antonia Fernández Pena, M^a José Naveira Bouza

Colaboracións:

Yolanda Barallobre Ferreño

Rosa M^a Bedoya Bouza

Saínza Bonome Carballés

M^a Esther Casal López

Amelia M^a Conde Vázquez

Sandra M^a Dans Lagoa

M^a Jesús Díaz Sánchez

Rosa M^a Doce García

Jesús Falcón Cazás

Nila García González

M^a Paz López Galego

Pablo Rioboo Santiago

M^a José Ruiz Moreda

Carmen Soto Carballada

Revisións da versión interactiva:

Antonia Fernández Pena, Marta C. Romeo e Irene Fariña

O froito deste traballo compilador pódese consultar ao completo accedendo á seguinte ligazón, dentro do blogue "Orienta Galicia":

[Descarga o documento orixinal "Preguntas e respuestas da atención á diversidade"](#)

Índice

6

Conceptos: Atención á diversidade

definición

Principios da
atención á
diversidade

medidas ordinarias de atención á diversidade

definición:

Aquelas medidas que faciliten a adecuación do currículo ao contexto sociocultural dos centros e ás características individuais do alumnado sen alterar significativamente os elementos prescriptivos do currículo ⁽¹⁾.

obxectivos:

Dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias e estilos e ritmos de aprendizaxe.

medidas ordinarias de atención á diversidade:

medidas extraordinarias de atención á diversidade

definición:

Medidas dirixidas a ofrecer respostas ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo que pode requerir cambios esenciais no currículo ordinario, nos seus elementos de acceso ou na modalidade de escolarización.

obxectivos:

Ofrecer medidas para aplicar unha vez se esgotaron as ordinarias ou demostraron a súa ineficacia. Será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, un informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.

medidas extraordinarias de atención á diversidade:

(1) competencias clave, estándares de aprendizaxe avaliables, obxectivos, contidos e criterios de avaliação.

As adaptacións do currículo

definición
adaptación
curricular

alumnado con
necesidades
específicas de
apoio educativo
(acneae)

uso da
terminoloxía

que elementos
se poden
modificar nunha
adaptación
curricular?

A LOMCE define como alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (en adiante NEAE) aquel que require unha atención diferente á ordinaria por presentar Necesidades Educativas Especiais (en adiante NEE), por dificultades específicas de aprendizaxe, Trastorno por Déficit de Atención con Hiperactividade (en adiante TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporación tardía ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar.

Obxectivos

Son os referentes para o deseño das adaptacións curriculares. Os obxectivos poderán pertencer a outro curso ou etapa, distinto do que curse o alumnado obxecto de AC, agás en BACH, que non poderán pertencer a outra etapa.

Contidos

Criterios de avaliación

Estándares de aprendizaxe

As posibles modificacións poden ser por: **eliminación, redución, introdución, sustitución, complementación e/ou ampliación dos elementos prescriptivos do currículo**

definición

adaptación curricular

Medida extraordinaria de atención á diversidade, con modificacións dos elementos prescriptivos do currículo.

dirixida a:

Alumnos/as que non poden seguir a programación de aula, sendo necesarias modificacións en:

- Obxectivos
- Contidos
- Criterios de avaliación
- Estándares de aprendizaxe

As modificacións que se poden realizar son as mesmas en todos os elementos prescriptivos do currículo e son: reaxustar/adaptar, reducir, suprimir/ eliminar, introducir, complementar ou ampliar.

duración

Cando menos un curso

referente

Competencias clave, obxectivos xerais de etapa e estándares de aprendizaxe concretados para cada curso. Poderán pertencer a outro curso ou, en EP e ESO, a outra etapa

desenvolvemento

Con carácter xeral na aula ordinaria e, excepcionalmente, fóra da mesma

responsables

Deseño e desenvolvemento: profesorado que imparte a materia coa colaboración do seminario/departamento didáctico e o asesoramento da xefatura do departamento de orientación.

avaliación / promoción

Avaliación: Criterios na AC
Promoción: Os criterios establecidos para cada curso e centro

seguimiento

Unha vez ao final de curso, aínda que é convinte realizarlo con carácter trimestral.

requisitos

Avaliación psicopedagógica; reunión do profesorado con xefatura de estudos e xefatura do DO; comunicación familia e autorización da Insp Educativa.

rexistro

XADE (AC), expediente académico, informe ás familias, actas de avaliación e no historial académico.

reforzo educativo

Medida ordinaria de atención á diversidade, con modificacións dos elementos non prescriptivos do currículo.

Alumnado que pode seguir a programación da aula con modificacións dos elementos non prescriptivos do currículum:

- Secuenciación de contidos
- Procedementos e instrumentos de avaliación
- Organización da aula (espazos e tempos)
- Agrupamentos
- Actividades de ensinanza-aprendizaxe
- Outros aspectos metodolóxicos

Transitoria

Curriculum ordinario

Na aula ordinaria e no grupo de referencia en tódalas etapas educativas

Profesorado que imparte a área ou materia.

Os establecidos con carácter xeral para todo o alumnado do centro.

Ao longo do curso escolar

Profesor/a: Informa ao tutor/a
Tutor/a: Informa a eq. directivo e familia

No XADE (RE), no expediente académico, no informe ás familia, nas actas de avaliação e no historial académico.

10

Destinatarios das adaptacións curriculares

alumnado con necesidades específicas de apoyo educativo

caso Particular
(non fai falla unha avaliación PSICOPedagóxica)

etapas educativas nas que son de aplicación as ac

se a escolarización é combinada, quen deseña a adaptación curricular?

• Con carácter xeral: Na educación básica obligatoria.

- A Orde do 6 de outubro de 1995 tamén as contempla en EI e BACH, aínda que en realidade non se realizan praticamente.
- No caso das AC en EI realizanse propostas, especialmente, para o caso de flexibilizacións da duración do período de escolarización
- Non se contemplan as adaptacións curriculares nos ciclos de FPB, pero poden realizarse nos programas de FPB impartidos nos CEE.

• No caso das escolarizacións combinadas entre un centro ordinario e un CEE, o alumnado pertencerá ao centro educativo que se determine na resolución da xefatura territorial correspondente.

- O profesorado de ambos centros coordinárase no proceso de planificación, atención e avaliación deste alumnado.
- Xa que unha parte importante do alumnado en escolarización combinada ten autorizada unha AC, deberían establecerse nesta os mecanismos de coordinación entre o centro ordinario e o CEE.
- Esta coordinación tamén habería que planificala entre o centro ordinario e a unidade de educación especial, de ser o caso.
- Sin embargo, corresponde ao centro ordinario a elaboración da AC dado que o CEE xa leva a cabo un currículo específico.

A árbore que non sabía quen era

Había unha vez un xardín moi fermoso no que crecían todo tipo de árbores marabillosas. Algunhas daban enormes laranxas cheas de delicioso zumo; outras riquísimas peras que parecían azucradas de tan doces que eran. Tamén había árbores repletos de dourados pexegos.

Era un xardín excepcional. Non só eran árbores sas, robustas e belas, producían as mellores froitas que ninguén podía imaxinar.

Só unha das árbores sentía moita vagoa porque, aínda que as súas ramas eran grandes e moi verdes, non daba ningún tipo de froito. A pobre sempre se queixaba da súa mala sorte.

- Amigas, todas estas cargadiñas de froitas estupendas, pero eu non. Éinxusto e non sei que facer.

A árbore estaba moi deprimido. Os demás apreciábanla moito e tentaban que recuperase a alegria con palabras de ánimo. A maceira, por exemplo, adoitaba facer fincapé en que o importante era centrarse no problema.

- A ver, compañeira, se non te concentras, nunca o conseguirás. Relaxa a túa mente e tenta dar mazás a min resultame moi sinalo!

Pero a árbore, por moito que quedaba en silencio e tratava de imaxinar verdes mazás nacendo das súas ramas, non o conseguía.

Outra que a miúdo lle consolaba era o mandarino:

- Se cadra resultache máis fácil coas mandarinas Mira cantas teño eu! Son máis pequenas que as mazás e pesan menos. Veña, fai un esforzo para ver se o logras!

Nada de nada; a árbore era incapaz e sentíase fatal.

Un mañá un bufo escoitoulle chorar amargamente e pousouse sobre ela. Con moito respecto, faloulle:

- Perdoa que che moleste. Mira, eu non sei moito acerca dos problemas que tedes os árbores pero podes contarme que che pasa. Son un animal moi observador e quizá poida axudarche.

A árbore suspirou e confesou ao

ave cal era a súa dor.

- Grazas por interesarche por mim, amigo. Como podes comprobar neste xardín hai centos de árbores, todos bonitos e cheos de froitas increbles excepto eu. Seica non me ves? Todos os meus amigos insisten en que tente dar mazás, peras ou mandarinas, pero non podo. Sintome frustrado e enfadado contigo mesmo por non ser capaz.

O bufo, que era moi sabio comprendeu o motivo da súa pena e díolle con firmeza:

- Queres saber a miña opinión sincera? O problema é que non te coñeces a ti mesmo! Pasas o día facendo o que os demás queren que fagas e en cambio non escoitas a túa propia voz interior.

A árbore puxo cara de estraneza.

- A miña voz interior? Que queres dicir con iso?

- Si, a túa voz interior! Ti tela, todos a temos, pero debemos aprender a escoitala. Ela dirá que en ti e cal é a túa función dentro deste planeta. Espero que medites sobre iso porque aí está a resposta.

O bufo alzou o voo e perdeuse ao lonxe.

A árbore quedou meditando e decidiu seguir o consello do intelixente bufo. Aspirou profundamente varias veces e tentou concentrarse na súa propia voz interior. Cando conseguiu desconectar a súa mente de todo o que lle rodeaba, escoitou ao fin unha voceciña dentro dela que lle rumoreou:

- Cada un de nós somos o que somos. Como pretendes dar peras se non es un peral? Tampouco poderás nunca dar mazás, pois non es unha maceira, nin mandarinas porque non es un mandarino. Ti es un carballo e como carballo que es estás no mundo para cumplir unha misión distinta pero moi importante: acoller ás aves entre as túas enormes ramas e dar sombra aos seres vivos nos días de calor. Ah, e iso non é todo! A túa beleza contribúe a alegrar a paisaxe e es unha das especies más admiradas polos científicos e botánicos. Non crees que é suficiente?

Nese momento e despois de moitos meses, a árbore triste alegrouse.

(c) CRISTINA RODRÍGUEZ LOMBA

<https://www.mundoprimaria.com/cuentos-con-valores/>



Requisitos e criterios de exclusión

Cando elaborar unha adaptación curricular?

Cal é o desfase curricular de referencia para a elaboración dunha AC?

O marco lexislativo actual

- Cando se esgotaron as medidas ordinarias ou resultaron insuficientes.
- Cando repetiu curso e mantense o desfase curricular.
- Cando o alumno/a presenta un desfase curricular moi significativo.
- Cando presenta nee que lle impiden seguir o desenvolvemento das clases sen modificacións nos elementos prescriptivos do currículo.

- Non está delimitado na lexislación.
- En función dos recursos do centro, da identificación de necesidades educativas (a partires da avaliación psicopedagólica) e do perfil do docente da área, tomárase a decisión atendendo á recomendación do DO.
- En caso de incorporación tardía ao sistema educativo cun desfase curricular moi significativo e sen medidas no centro coma os grupos de adaptación da competencia curricular, poderíase elaborar unha AC.

- O novo marco presentado pola LOMCE presenta unha avaliación con base no desenvolvemento de competencias, pero a realidade é que seguimos avaliando a cantidade de contidos adquiridos.
- No ensino básico as AC son resposta a acneae (alumnado con nee derivadas de discapacidade e/ou trastornos graves de conducta, entre outros) e cando xa foron aplicadas outras medidas sen resultar suficientes.
- En EI as AC adoitan estar relacionadas a discapacidade ou situacións persoais específicas. Obsérvase además a flexibilización do período de escolarización como medida extraordinaria a aplicar en casos específicos.

causas de rexeitamento dunha adaptación curricular

na adopción/deseño da adaptación curricular:

- Non debe utilizarse como pretexto para que o alumno/a promocione.
- O currículo de referencia sempre é o do curso no que o alumno/a estea escolarizado e o adaptado pode eliminar, reducir, introducir, sustituir, complementar ou ampliar elementos de cursos ou etapas anteriores (ou superiores no caso de aacc) para responder de forma axeitada ás necesidades do alumno.
- Para unha maior concreción curricular, o currículo de referencia debería ser a programación da aula ou a didáctica da materia. De non dispor destas programacións, utilizarase o currículo establecido na lexislación.
- En xeral, o currículo adaptado debe estar referido cando menos a un curso inferior ou superior, agás no caso de acce (sensoriais, motóricos...). En Bacharelato ten que estar referido á mesma etapa na que está escolarizado/a.
- A AC non ten que estar referida ao mesmo curso en tódalas áreas.

no Procedemento de xestión administrativa:

- Avaliación psicopedagóxica e informe psicopedagóxico.
- Acta da reunión do equipo docente, xefatura do DO, xefatura de estudantes, profesorado de apoio (PT/AL) para a toma da decisión.
- Información á familia.
- Elaboración da proposta curricular adaptada por parte do profesorado que imparte esas áreas.
- A dirección envía a adaptación curricular á Inspección educativa.
- Debe contar coa autorización da inspección educativa.
- Deberá realizarse no primeiro trimestre, antes da primeira avaliación.

familia en desacordo coa adaptación curricular:

- A familia en desacordo pode amosalo ante dirección primeiro e despois ante a inspección educativa (Art. 15 da Orde 6/10/1995).
- É función do tutor informar á familia da AC para buscar a súa colaboración (de ser necesario co apoio do DO) e desa reunión levantar unha acta. Informarase á familia dos procedementos a seguir no caso de desacordo.

docente en desacordo coa ac na súa materia:

- Se o profesor non ten capacidade ou disposición para dar resposta axeitada ao alumno, na acta de reunión constaría a decisión de NON PROCEDER.
- Se se produce esta discrepancia entre as necesidades detectadas e a opinión do equipo docente, deixarase constancia na acta da reunión para a toma de decisións.

As adaptaciones do currículo en cada etapa

as
adaptaciones
curriculares
nas etapas
obrigatorias

as
adaptacións
curriculares
no ensino
non
obrigatorio



as adaptacións do currículo no ensino
non obligatorio

(estudos nos que non se contemplan adaptacións curriculares)

as
adaptaciones
curriculares
no ensino
non
obligatorio

as
adaptacións
curriculares
no ensino
non
obrigatorio

Universidade e Probas de acceso:

- A avaliación do alumnado con NEE derivadas de discapacidade tomará como referencia as adaptacións curriculares realizadas ao longo da etapa.
- Particularmente, contemplaranse as medidas de flexibilización e metodolóxicas na avaliación da lingua extranxeira para o alumnado con discapacidade, en especial para os casos do alumnado con discapacidade auditiva, con dificultades na súa expresión oral e/ou con trastornos da fala.
- Estas adaptacións en ningún caso minorarán as cualificacións obtidas.
- As universidades están a implementar programas adaptados para alumnado (non tanto en contidos senón no acceso e modificacións na avaliación, especialmente para alumnado con discapacidade funcional e TDAH).

as
adaptacións
do currículo
no ensino
non
obrigatorio

(entendidas como
adecuacións
curriculares)

(1) Na FP non se contempla levar a cabo adaptacións curriculares propiamente ditas, senón medidas que facilitan o acceso ou de reforzo educativo (que varían só os elementos non prescriptivos do currículo ordinario).

as
adaptacións
do currículo
no ensino
non
obrigatorio
(entendidas como
adecuacións
curriculares)

A estrutura e a duración dunha adaptación curricular

Estrutura do documento de adaptación curricular

1ª Parte do documento. recollida de datos persoais e da avaliación PSICOPEDAGÓXICA

- Datos persoais: Nome apelidos, lugar e data de nacemento, etapa e curso de escolarización, currículo de referencia e currículo adaptado, período de tempo para o que se propón a adaptación curricular,...
- Datos físicos e de saúde: características físicas e de saúde, enfermedades padecidas ou crónicas, ...
- Datos psicosociais más relevantes: nivel intelectual e aptitudinal, trazos de personalidade, intereses manifestados, adaptación persoal e social, ...
- Datos do contorno sociofamiliar: membros da unidade familiar, expectativas familiares, ...
- Datos do contorno escolar: organización do centro e da aula, relación e participación dos distintos servizos educativos, ...
- Datos pedagóxicos: competencias xa adquiridas, necesidades educativas, ...

2ª Parte do documento. datos Pedagógicos referidos a:

Nivel de competencia curricular actual e a proposta curricular adaptada para cada unha das materias obxecto de adaptación curricular.

ÁREAS CURRICULARES ADAPTADAS:

- | | |
|---|--|
| <ul style="list-style-type: none"> • Competencias clave, • Obxectivos concretos para cada materia adaptada, • Contidos, • Criterios de avaliación, • Estándares de aprendizaxe availables, | <ul style="list-style-type: none"> • Grao mínimo de consecución dos estándares, • Metodoloxía, • Procedementos e instrumentos de avaliación, • Criterios de cualificación. |
|---|--|

RECURSOS: humanos, materiais e organizativos.

PLANIFICACIÓN DO SEGUIMENTO: data, profesionais que interveñen, valoración do rendemento do/a alumno/a, adecuación dos recursos e da adaptación curricular, ...

PROFESIONAIS PARTICIPANTES: dirección, xefatura de estudos, profesorado das materias adaptadas, xefatura DO, profesorado de apoio (PT/AL).

documentación anexa:

Acta da reunión na que se decide a pertinencia da elaboración da AC

Constancia da información aos pais/nais/tutores legais

a duración
dunha
adaptación
curricular



Canto tempo pode durar unha adaptación curricular?

- Existe unha crenza moi extendida de que as AC han ter unha duración mínima de dous cursos. Esto é falso. A crenza xorde de que na Orde do 6 de outubro de 1995, que regula as AC establecese un período mínimo dun ciclo, agás no 2º ciclo da ESO, que podían facerse por curso. Antes os ciclos, tanto en EP como na ESO eran de dous cursos, pero a LOMCE cambiou esta estrutura, así que agora mesmo as AC teñen unha duración mínima dun curso e seguir a lóxica da estrutura do currículo ordinario.
- Con carácter xeral, a duración será pois dun curso, aínda que pode modificarse se:
 - O alumno/a debe permanecer un ano máis no curso
 - Promociona o curso, pero non supera a AC
 - Supera a AC antes de finalizar o curso

Cando se han solicitar as ac

Sempre que sexa posible ao inicio e para todo o curso escolar.

Cando se han revisar as ac?

De forma periódica, cando menos unha vez ao ano, aínda que é convinte facer un seguimento trimestral.

Pódense modificar as ac?

Si, se a revisión aconsella levar a cabo modificacións, pódense facer e só terán que ser de novo autorizadas se introducen modificacións nos referentes de avaliación da súa AC.

Organización dos contidos nas adaptacións curriculares

definicións

currículo de referencia

É o currículo do curso no que está matriculado o alumno/a.

currículo adaptado

É o que se recolle na súa adaptación curricular tendo en consideración a liña de base do alumno/a. Este é o currículo sobre o que se traballa.

organización por materias

As AC, cando se fan para unha ou para unhas poucas materias, o lóxico é facelas dacordo á organización das materias no currículo ordinario.

organización por ámbitos⁽¹⁾

Cando a AC é necesaria en todas ou na meirande parte das materias e ha de deseñarse de forma radicalmente apartada do currículo de referencia, quizais non teña sentido organizala por materias. Neste caso pensar en ámbitos de coñecemento pode que sexa a mellor forma de achegar os diferentes contidos ás características individuais do alumno. Esta reflexión lévanos máis aló do que di a nosa lexislación.

Se pensamos que a mellor forma de adaptarnos ás características dun alumno/a é realizar unha adaptación por ámbitos, debemos contar coa autorización da Inspección educativa que con moita probabilidade pedirános que clarifiquemos os seguintes aspectos:

- Por que é necesaria esta organización, que beneficios aporta
- Que lexislación tomamos como referente subsidiario
- Que ámbitos eliximos e por que. En xeral adoitamos agrupar as materias do curso nos ámbitos socio-lingüístico e científico-matemático.
- Como vai ser a avaliación nos diferentes ámbitos, que responsables van elaborar a proposta de cada ámbito e quen van facerse responsables da súa impartición. (Este é o aspecto máis importante, xa que a organización proposta ha de poder levarse a cabo).

⁽¹⁾ Esta organización non existe na lexislación vixente. Trátase dunha proposta para alumnado con necesidades educativas moi importantes, con escolarización combinada...

organización das ac



Avaliación, revisión e promoción das adaptacións curriculares

Que di a
lexislación
estatal?

Que nos di
a orde que
regula as
adaptacións
curriculares
en Galicia?

a
lexislación
lomce en
Galicia



Titulación

a legislación
a efectos
de titulación

O reparto das responsabilidades

orientador/a

- Realiza a avaliación psicopedagóxica.
- Participa na reunión convocada polo xefe de estudios para determinar a pertinencia da Adaptación.
- Asesora no proceso de deseño e desenvolvemento.
- É responsable xunto co titor/a de informar ás familias do resultado da avaliación psicopedagóxica e da proposta da adaptación curricular para dar resposta ás necesidades educativas detectadas.

Profesorado
PT

- Colabora co titor ou profesor/a de área no deseño da adaptación curricular.
- Participa no desenvolvemento e posta en marcha da adaptación co alumno.
- Terá responsabilidade compartida na avaliación do alumno con AC co titor/a e/o profesorado da área/s con AC.

xefatura de
estudios

- Coordina a reunión co titor/a, profesorado das áreas ou materias obxecto da AC e profesionais que participan na avaliación psicopedagóxica, para decidir a pertinencia ou non da adaptación.
- Desta reunión levantarase acta co visto e prace do director/a do centro que se adxuntará ao documento de adaptación curricular.

Titor/a

- Participa na avaliación psicopedagóxica do alumno.
- É o responsable xunto co orientador/a de informar ás familias da pertinencia da AC.
- Informará por escrito ás familias, trimestralmente, dos resultados da avaliación do alumnado con AC, incluíndo o nivel ao que corresponde a súa AC, as medidas de apoio adoptadas e, no seu caso, a decisión de promoción .

Profesorado
da área ou
materia

- O deseño e desenvolvemento da AC será responsabilidade do profesor/a de área ou materia coa colaboración do departamento didáctico correspondente tendo en conta a avaliación psicopedagóxica e as indicacións do orientador/a do centro.

familias

- As familias colaborarán no proceso de avaliación psicopedagóxica dos seus fillos/as e facilitarán os datos relevantes que lle solicite o centro.
- Asinarán a conformidade ou desacordo coa medida da AC. En caso de desacordo poderán reclamar ante o director/a e de persistir na súa disconformidade ante o Servizo de Inspección Educativa.

director/a

- Visa a acta de reunión da pertinencia da Adaptación Curricular.
- Envía a proposta á Inspección Educativa da Adaptación Curricular.

Proceso de elaboración dunha Adaptación curricular

1

avaliación PSICOPEDAGÓXICA.

- **Información ás familias/titores legais:** Para levar a cabo a avaliação as familias deben estar informadas e é convinte contar co seu consentimento explícito.
- **Realización da avaliação diagnóstica:** O xefe/a do DO é a persoa encargada de realizar a avaliação psicopedagóxica na que se recollan datos relevantes sobre:

Características persoais.	Datos da contorna escolar.
Características de saúde.	Datos da contorna sociofamiliar.
Datos psicosociais.	Datos sobre o seu proceso de aprendizaxe.
- **Realización do informe psicopedagóxico:** Neste documento recóllese os resultados e conclusións da avaliação psicopedagóxica. A ORDE do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliação psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do dictame de escolarización, no seu Art. 5 establece a información mínima que debe incluirse neste informe.

2

toma de decisións sobre a pertinencia da ac

Nunha reunión coordinada polo xefe/a de estudos e á que asistirán o tutor/a, o profesorado que imparte as areas ou materias que se consideran obxecto de AC e os profesionais que participaron na avaliação diagnóstica decidirase a pertinencia da AC, así como de aqueles elementos do currículo que, no seu caso, deberán ser modificados.

3

Planificación do currículo adaptado

O currículo adaptado elaborarase a partires do currículo de referencia nas áreas ou materias acordadas na anterior reunión. Neste currículo adaptado hanse definir aspectos como:

Que e cando ensinar
Como ensinar

Que, como e cando avaliar
Recursos materiais e persoais necesarios

4

Redacción do documento de adaptación curricular

Os datos da Avaliación Psicopedagógica reflectiranse nun documento de AC no que se consignará información relativa a:

- Datos persoais do alumno
- Datos físicos e de saúde
- Datos psicosociais más relevantes
- Datos do entorno familiar
- Datos pedagógicos

- Áreas curriculares adaptadas
- Estratexias metodolóxicas
- Os recursos que se van empregar
- Planificación do seguimento da AC e os profesionais que participarán nel.

5

solicitud e autorización

O director/a do centro enviará a proposta de adaptación curricular ao correspondente servizo provincial de inspección.

- | | |
|-----------------------------------|----------------------------|
| Datos persoais do alumno | Datos do entorno familiar |
| Datos físicos e de saúde | Datos pedagógicos |
| Datos psicosociais más relevantes | Profesionais participantes |

O servizo de Inspección educativa emitirá un informe autorizando ou non a AC

O rexistro das medidas

en que
documentos
debemos
rexistrar a
existencia
de
adaptación
curricular

documentos
a incorporar
no expediente
académico
dun alumno/a
con ac

rexistro no
XADE



33

1

anexo 1: un modelo de acceso concedido por magdalena duarte

Área: Lingua Castelá e Literatura		Curso:			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliação	Estándares de aprendizaxe	Contidos mínimos	Comp. clave
• b • e • i	B3.13: Creación de textos utilizando a lingua verbal e non verbal con intención informativa: carteis publicitarios. Anuncios. Cómics.	B3.5: Elaborar proxectos individuais ou colectivos sobre diferentes temas do seu interese.	LCB3.5.1: Elabora gráficas sinxelas a partir de datos obtidos de forma guiada, LCB3.5.2: Elabora con creatividade textos breves do seu interese: cortos, anuncios, rimas, cancións, cómics, carteis, ilustrándoos para facilitar a súa comprensión ou mellorar a súa presentación.	LCB3.5.1: Elabora gráficas sinxelas a partir de datos obtidos de forma guiada, LCB3.5.2: Elabora con creatividade textos breves do seu interese: cortos, anuncios, rimas, cancións, cómics, carteis, ilustrándoos para facilitar a súa comprensión ou mellorar a súa presentación.	CCL CAA CCL CD CAA CSIEE
• a • d • e	B3.11: Uso da lingua non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	B3.6: Favorecer a través da lingua a formación dun pensamento crítico que impida discriminacións e prexuízos.	LCB3.6.1: Exprésase por escrito utilizando de xeito habitual unha lingua non sexista e respectuosa coas diferenzas.	CB3.6.1: Exprésase por escrito utilizando de xeito habitual unha lingua non sexista e respectuosa coas diferenzas.	CL CSC
• e • i	B3.12: Utilización guiada das TIC de modo eficiente e responsable para presentar as súas producións.	B3.7: Utilizar as TIC de modo eficiente e responsable para presentar as súas producións.	LCB3.7.1: Usa con axuda internet e as TIC para escribir, presentar os textos e buscar información, buscar imaxes e crear táboas.		CCL CD CAA CSIEE

2 anexo 2: modelos de documento ac

Índice

2.1 informe Psicopedagógico

1. DATOS PERSOAIS
2. DATOS FÍSICOS E DE SAÚDE
3. DATOS PSICOSOCIAIS
4. DATOS DO CONTORNO SOCIOFAMILIAR
5. DATOS DO CONTORNO ESCOLAR
6. DATOS PEDAGÓXICOS
 - 6.1 COMPETENCIA CURRICULAR ACTUAL
 - 6.2 ESTILO DE APRENDIZAXE
 - 6.3 NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

2.2 deseño da adaptación curricular

2.3 documentación anexa necesaria

ANEXO I: MODELO DA ACTA DE REUNIÓN PERTINENCIA AC

ANEXO II: MODELO PARA DEIXAR CONSTANCIA DA INFORMACIÓN Á FAMILIA

2.1 informe Psicopedagóxico

1. DATOS PERSOAIS:

Nome	
Data de nacemento	
Nivel	
Domicilio	
Centro de ensino	
Curriculum de referencia	
Período para o que se propón a AC	

2. DATOS FÍSICOS E DE SAÚDE:

3. DATOS PSICOSOCIAIS

4. DATOS DA CONTORNA SOCIOFAMILIAR

5. DATOS DA CONTORNA ESCOLAR

6. DATOS PEDAGÓXICOS

6.1 COMPETENCIA CURRICULAR ACTUAL	
6.2 ESTILO DE APRENDIZAXE	
6.3 NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS	

2.1 deseño da adaptación curricular (modelo 1)

7. METODOLOXÍA

--

8. SEGUIMENTO DA AC

8.1. CRITERIOS DE PROMOCIÓN

Estándares de aprendizaxe adaptados Área	Nivel acadado								
	1ª Avaliación			2ª Avaliación			3ª avaliação		
	Iniciado	Parcialmente adquirido	Adquirido	Iniciado	Parcialmente adquirido	Adquirido	Iniciado	Parcialmente adquirido	Adquirido
8.2. COLABORACIÓN COA FAMILIA									

9. ÁREAS ADAPTADAS

- Matemáticas

As competencias clave traballaranse en todas as áreas para a súa consecución.

- | | |
|--|---|
| <ul style="list-style-type: none"> Comunicación lingüística (CCL) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT) Competencia dixital (CD) | <ul style="list-style-type: none"> Aprender a aprender (CAA) Competencias sociais e cívicas (CSC) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) Conciencia e expresións culturais (CCEC) |
|--|---|

Os estándares de aprendizaxe suprimiránse (S), adaptaranse (A) ou serán válidos (V) segundo o caso en todas as áreas, e así aparece recollido na presente AC.

Área: Matemáticas (Por exemplo)		
S/A/V	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE ADAPTADO

10. PROFESIONAIS PARTICIPANTES

Director/a

Xefa/e de estudos

Titor/a

Mestra/e PT/AL

Orientador/a

En....., a..... de 201....

Visto e prace: O director/a do centro

NOTA: Os datos reflectidos neste informe son confidenciais. Expresan a situación actual do alumno, non presupoñendo a súa evolución futura.

2.1 deseño da adaptación curricular (modelo 2)

7. DATOS E SINATURA DO EQUIPO DE PROFESIONAIS QUE INTERVEÑEN NA ELABORACIÓN DA AC

PROFESORADO	NOME	SINATURA
Titor/a		
Orientador/a		
Profesorado de apoio neae		
ÁMBITOS/MATERIAS NAS QUE PRESENTA AC		
Ámbito/Materia	Nome do profesor/a	Sinatura

8. PROGRAMACIÓN

8.1. OBXECTIVOS DA ETAPA

Aquí especificáñanse os obxectivos da etapa recollidos nos Decretos que regulan os currículos

8.2. CONTIDOS, COMPETENCIAS CLAVE E CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE CADA ÁREA ADAPTADA:

Área adaptada:						
Contidos						
.....						
Criterios de avaliação do Bloque de aprendizaxe:.....						
Comp. Clave	OE	Criterios de avaliação	Estándares dos aprendizaxes availables	NI	I	C

8.3. ÁMBITOS PREVIOS OU TRANSVERSAIS ÁS DISTINTAS ÁREAS CURRICULARES: HABILIDADES, RAZOAMENTOS, XESTIÓNS, APTITUDES BÁSICAS, CONDUTAS ADAPTATIVAS E FUNCIONAIS, ETC.

- Atención
- Razoamento numérico
- Resolución de problemas
- Comprensión oral e escrita...

8.4. ORGANIZACIÓN DA RESPOSTA EDUCATIVA:

Metodoloxía	
Recursos persoais necesarios	
Recursos materiais necesarios	
Adaptación no contexto de centro e aula	
Centro	Aula

Horario do alumno/a					
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres

9. CALENDARIO DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E REVISIÓN DA ADAPTACIÓN

Tarea	Temporalización	Responsables
Avaliación inicial do acneae		
Elaboración das adaptacíons		
Revisión das adaptacíons		
Adaptación de materiais		
Participación nas sesións de avaliación do acneae		
Elaboración dos informes trimestrais para a familia do acneae		
Elaboración do informe final do acneae		

ANEXO: PROGRAMAS EDUCATIVOS PERSONALIZADOS (PEP)

- Autorregulación
- Autocontrol
- Razoamento lóxico
- Memoria e planificación
- Semántica
- Comprensión escrita

10. SINATURAS DAS PERSOAS QUE INTERVEÑEN NA AC:

Titor/a
(Sinatura)

Orientador/a
(Sinatura)

PT e/ou AL
(Sinatura)

Profesorado especialista
(Sinatura)

Profesorado especialista
(Sinatura)

Profesorado especialista
(Sinatura)

Director/a do centro (Visto Bo)
(Sinatura)

2.3) documentación anexa necesaria

ANEXO I: MODELO DA ACTA DE REUNIÓN PERTINENCIA AC

Reunidos os profesionais que a continuación se relacionan:

Xefa/e de Estudos	
Mestra/e titor/a	
Profesorado especialista	
Orientador/a	

DECIDEN:

- Que non procede a elaboración da adaptación curricular, xa que:
 - da avaliación realizada despréndese que non existen Necesidades Educativas Especiais que non poidan ser atendidas polos medios ordinarios.
 - non se teñen esgotadas todas as medidas ordinarias
- Que procede elaborar a adaptación curricular en base aos datos de avaliación diagnóstica nas seguintes áreas:

Modificando os seguintes elementos do currículo:

<input type="checkbox"/> Obxectivos	<input type="checkbox"/> Contidos	<input type="checkbox"/> Criterios de avaliación	<input type="checkbox"/> Competencias clave
-------------------------------------	-----------------------------------	--	---

ASINADO:

ANEXO II: MODELO PARA DEIXAR CONSTANCIA DA INFORMACIÓN Á FAMILIA

CONSTANCIA DE INFORMACIÓN Á FAMILIA

D/Dona: con DNI número:

- Pai
- Nai
- Representante legal

do alumno/a:

fun informado/a do contido desta adaptación curricular realizada para:

- O meu fillo/a
- O meu representado/a

e da posibilidade de recorrer, en caso de desacordo, diante da Dirección do Centro e da Inspección Provincial de Educación.

En, a de de 20.....

Sinatura:

3

anexo 3: requerimentos para a aprobación dunha ac pola inspección educativa




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Xefatura Territorial

Servizo Territorial de Inspección Educativa -

[inserir o enderezo de sede do servizo territorial de inspección educativa]



DATA:	
ASUNTO: ADAPTACIÓN CURRICULAR (AC) SUPERVISIÓN POLA INSPECCIÓN EDUCATIVA	

Ref: Servizo Territorial Inspección Educativa STI-	
DESTINO: SRA. DIRECTOR/A DO CENTRO	

DATOS PERSOAIS	
Alumno/a:	Centro:
Data nacemento:	Curso académico:
Nivel/Etapa:	Período proposta AC:
Curículo de referencia:	Curso:

DATOS FÍSICOS E DE SAÚDE		SI	NON
Datos físicos e de saúde			
DATOS PSICOSOCIAIS			
Datos psico-sociais			
DATOS DO CONTORNO SOCIOFAMILIAR			
Datos do contorno socio-familiar			
DATOS DO CONTORNO ESCOLAR			
Formas organizativas do centro (3)			
Formas organizativas da aula (3)			
Relacións e participación dos distintos servizos educativos			
DATOS PEDAGÓXICOS			
Competencia curricular			
Necesidades que presenta			
Áreas curriculares adaptadas. Competencias clave/Obx./Cont./Crit. Aval.(da AC)			
Criterios de avaliación e promoción - (do/a alumno/a)			
RECURSOS PERSOAIS, MATERIAIS E A SUA ORGANIZACIÓN			
Recursos persoais: profesorado, outros profesionais ...			
Metodoloxía, Medicos e recursos materiais			
Horerías, apelos ...			
Planificación do seguimento			
ANEXOS			
Acta da xuntanza para a toma de decisións da AC			
Constancia de información á familia			
Aprobación da AC pola Inspección			
OBSERVACIONES:			

Segundo o Decreto 229/2011 do 7/12/12 (DOG do 21) e a Orde do 5/10/95 (DOG do 7 co 11)

O/A inspector/a,

4


anexo 4: modelo de comunicación da aprobación dunha ac ao centro



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Xefatura Territorial do
Servizo Territorial de Inspección Educativa -

[Inserir enderezo da correspondente
sede de inspección educativa]



DATA:	Ref.:
ASUNTO: AUTORIZACIÓN DE ADAPTACIÓN CURRICULAR	DESTINATARIO: SR/A. DIRECTOR/A. DO

AUTORIZACIÓN DO SERVIZO DE INSPECCIÓN

Recibido o expediente de solicitude de AUTORIZACIÓN da adaptación curricular (AC) para o alumno/a _____, matriculado/a no _____ (nivel de referencia), no centro _____, esta inspección considera:

- | | |
|-------------------------------------|---|
| <input checked="" type="checkbox"/> | Que a adaptación curricular presentada reúne todos os requisitos legais para a súa aprobación e, en consecuencia, AUTORÍZASE . |
| <input type="checkbox"/> | Que a adaptación curricular presentada carece dos requisitos legais seguintes para a súa aprobación: |
| <input type="checkbox"/> | Que na adaptación curricular presentada é preciso modificar ou completar os seguintes elementos: |

CONSIDERACIONES/OBSERVACIÓNES:

1.-Adaptación Curricular que se autoriza presenta as seguintes características básicas:

1.-**MATERIAS/AREAS ADAPTADAS:**

2.-**PERÍODO PROPOSTA AC:**

3.-**OBSERVACIÓNES:**

5

anexo 4: modelo de seguimento trimestral da ac polo do

SEGUIMENTO E AVALIACIÓN TRIMESTRAL DE AC

(INFORME DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN)

1. DATOS XERAIS

Centro:	
Alumno/a	
Data/s de autorización/revisión da AC	
Período/Vixencia da AC	
Ámbitos/Materias adaptadas	

2. DATOS RESUMO DAS CARACTERÍSTICAS MÁS SALIENTABLES QUE DEFINEN EN XERAL AO ALUMNO/A NO RELATIVO A NEAE

--

3. INTERVENCIÓN (Reforzos, apoios e organización xeral da atención á diversidade)

--

4. ASPECTOS TRABALLADOS (En xeral el por áreas)

4.1. En xeral:

--

4.2. Por áreas:

Área/Materia:	Aspectos trabajados/Indicadores	Valoración
		<input type="checkbox"/> A <input type="checkbox"/> ED <input type="checkbox"/> NA
		<input type="checkbox"/> A <input type="checkbox"/> ED <input type="checkbox"/> NA
Área/Materia:	Aspectos trabajados/Indicadores	Valoración
		<input type="checkbox"/> A <input type="checkbox"/> ED <input type="checkbox"/> NA
		<input type="checkbox"/> A <input type="checkbox"/> ED <input type="checkbox"/> NA
Área/Materia:	Aspectos trabajados/Indicadores	Valoración
		<input type="checkbox"/> A <input type="checkbox"/> ED <input type="checkbox"/> NA
		<input type="checkbox"/> A <input type="checkbox"/> ED <input type="checkbox"/> NA
Área/Materia:	Aspectos trabajados/Indicadores	Valoración
		<input type="checkbox"/> A <input type="checkbox"/> ED <input type="checkbox"/> NA
		<input type="checkbox"/> A <input type="checkbox"/> ED <input type="checkbox"/> NA

A: Acadado

ED: En desenvolvemento

NA: Non acadado

5. RECURSOS MATERIAIS EMPREGADOS

6. ASPECTOS REVISADOS (Grao de consecución dos obxectivos e competencias clave e actitude do alumno/a)

7. ACORDOS DO EQUIPO DOCENTE/XUNTA DE AVALIACIÓN

8. PROFESIONAIS PARTICIPANTES


Profesional	Función
	Xefatura do DO
	Titoría
	PT
	AL
	Profesor da área/materia.....
	Profesor da área/materia.....
	Profesor da área/materia.....

En..... a de

Xefe/a do DO	Vº e pr. Dirección/Xefatura de estudos
Asdo:	Asdo:

anexo 6: adaptacións para o acceso ás ensinanzas de idiomas de réxime especial

ANEXO IX



En cumplimiento do establecido na disposición adicional cuarta do Decreto 191/2007, de 20 de setembro¹ no que se recolle que: o deseño, a administración e a avaliación das probas para a obtención dos certificados por parte do alumnado con discapacidade baséaranse nos principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación da desvantaxe. Os procedementos de avaliación conterán as medidas que resulten necesarias para a súa adaptación ás necesidades especiais deste alumnado.

Solicita

Que se fagan as adaptacións pertinentes para garantir unha proba de acordo cos principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes.

O/a alumno/a con

DNI/NIE , domicilio en código postal

na rúa nº andar/postra teléfono

correo electrónico matriculado na

modalidade de libre para a PROBA DE CERTIFICACIÓN da nivel

BÁSICO de (ESPECIFICAR LINGUA)

INTERMEDIÓ de no curso académico

AVANZADO de no curso académico

CERTIFICA que presenta a seguinte dificultade sensorial ou motora que lle impide desenvolver con normalidade a dixida proba:

Asemade, para xustificalo, presenta os seguintes informes/certificados² emitidos polas seccións provinciais de cualificación e valoración de discapacidade:

..... 00

¹ Decreto 191/2007, do 20 de setembro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas de idiomas de réxime especial e os curriculos nos niveis básico e intermedio.

² Este documento non ten validez sen documentación xustificativa.

7

Lexislación de referencia

Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

ORDE do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais.

Decreto 330/2009, que establece o currículo da Educación infantil:

Art 9 Atención á diversidade en EI

Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículum nas ensinanzas de réxime xeral.

Mentras non exista normativa que as derogue as AC regúlanse por esta orde, coa salvagade dos artigos expresamente derogados ou que contraveñan o disposto en normativa posterior de igual rango ou superior. Débese ter en conta, principalmente, as modificacións que á citada Orde introduce a LOMCE, o Decreto 105/2014 (currículo de EP), o Decreto 86/2015 (currículo de ES) e o Decreto 229/ 2011, de atención á diversidade, principalmente.

Real Decreto 126/2014, do 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico da Educación Primaria.
Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria

Art 16: Medidas organizativas e curriculares para a atención á diversidade na ESO

Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obligatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia Galicia

Art 7.4: AC en Educación Secundaria

Real Decreto-lei 5/2016, do 9 de decembro, de medidas urgentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

Ata a entrada en vigor da normativa resultante do Pacto de Estado Social e político pola educación, a avaliación final regulada no artigo 29 da LOMCE, será considerada mostral e terá finalidade diagnóstica (...). Esta avaliación carecerá de efectos académicos.

OS TÍTULOS DE GRADUADO NA ESO obtidos ata a finalización do período transitorio permitirán acceder INDISTINTAMENTE a calquera das ensinanzas post-obrigatorias recollidas na LOE.

ORDE do 24 de xuño de 2008 pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde ECD/1941/2016, do 22 de decembro, pola que se determinan as características, o deseño e o contido da avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade, as datas máximas de realización e de resolución dos procedementos de revisión das cualificacións obtidas, para o curso 2016/2017.

Orde do 7 de xullo de 2010, pola que se establecen medidas de ordenación académica para o alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música e de danza e as ensinanzas de réxime especial.

Real Decreto 1629/2006, de 29 de diciembre, por el que se fijan los aspectos básicos del currículo de las enseñanzas de idiomas de régimen especial reguladas por la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación

Circular 1/ 2016 da Dirección Xeral de EFPIE

DECRETO 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia.

DECRETO 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia.

ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.

Art 16 Procedimento de solicitud e autorización de flexibilización modular na FP

Art 17 Prazos no procedemento de flexibilización na FP

Orde do 13 de xullo de 2015 pola que se regula ensinanzas, acceso e admisión a ciclos de FP básica

Art 27 Escolarización nos CFPB

Art 28 Flexibilización modular para o alumnado de FPB

medidas ordinarias de atención á diversidade

- Adecuación das programacións didácticas e de aula ao contorno e ao alumnado
- Medoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais , aprendizaxe por proxectos
- Adecuación da estrutura organizativa do Centro (horarios, agrupamentos...) e da aula, ás características do alumnado
- Adaptación dos tempos e instrumentos o procedementos de avaliación
- Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións dirixidas á mellora da convivencia.
- Desdobramento de grupos
- Reforzó educativo e apoio do Profesorado con disponibilidade horaria
- Programas de enriquecimento curricular
- Programa de reforzo nas áreas instrumentais básicas
- Programas de recuperación
- Programas específicos personalizados
- Programas de Habilidades Sociais

medidas extraordinarias de atención á diversidade

- Adaptacións Curriculares
- Agrupamentos flexibles
- Apoio de Profesorado de PT/AL
- Flexibilización da duración do período de escolarización
- PMAR (LOMCE)
- FPB (LOMCE)
- Escolarización diferente da ordinaria (Combinada ou total en CEE ou unidade EE)
- Atención educativa hospitalaria e domiciliaria
- Grupos de adquisición das lingua
- Grupos de adaptación da Competencia Curricular
- Permanencia dun ano máis nun curso o ciclo



Atención á diversidade
Adaptacións
curriculares
PREGUNTAS E RESPOSTAS